



22-FEBREIRO. MANIFESTACIÓNS, CONCENTRACIÓNS E PAROS EN DEFENSA DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

O escenario económico actual vén definido polo continuo do crecemento do PIB, un 3,3 en Galicia en 2016 e uns prognósticos de aumento para 2017 do 2,4%. Este aumento do PIB está axudando a xerar emprego e reducir o número de persoas en paro, o cal é un obxectivo central da nosa economía.

Porén, malia estes datos, continúa a crise que arrastramos desde 2008 e, en moitos aspectos, séguese agravando, porque persisten moitos desequilibrios estruturais da nosa economía que non se están a corrixir e porque ese crecemento económico non se está traducindo nunha mellora da calidade de vida da poboación; polo tanto, agudízanse en moitos casos as situacións de dificultade económica e de desprotección. Numerosas circunstancias apoian esta conclusión:

- No ámbito da negociación colectiva, e andando xa o mes de febreiro, non foi posible aínda consensuar o dígito de aumento salarial para este ano, tal e como se establecía no III AENC. Os aumentos dos últimos meses sitúan a taxa interanual do IPC no 3 % en xaneiro, prexudicando a capacidade de compra dos fogares. A proposta das organizacións empresariais (aumentos de «ata o 1,5%») resulta inaceptable, xa que suporía a perda de poder de compra dos traballadores e as traballadoras nun contexto de expansión da actividade e dos beneficios empresariais. Os sindicatos CCOO e UGT fixemos unha proposta que compatibiliza a mellora de competitividade empresarial coa mellora dos salarios reais: subas do 1,8 ao 3%, con cláusula de revisión para evitar que o aumento do IPC por riba da previsión prexudique o pactado. Cómpre coñecer canto antes se, no marco do III AENC, é posible o acordo coas organizacións empresariais sobre o aumento salarial de convenio para 2017, pactando un incremento que lles permita ás asalariadas e asalariados do noso país gañaren poder de compra e recuperaren parte do perdido desde 2009.
- A redución do desemprego é demasiado lenta, e non se ataca axeitadamente o paro de longa duración, que afecta a máis de 119.000 persoas en Galicia (2,4 millóns de persoas en España), isto é, o 58% do total de desempregados. Necesítase un plan de emprego de choque con medidas específicas para este colectivo, e unha revisión das políticas activas de emprego, que trasladen o importe das ineficientes bonificacións e reducións de cotizacións a outras actuacións máis efectivas.
- De forma moi específica, hai que dar resposta ao paro xuvenil, que alcanza o 40% da poboación activa galega menor de 25 anos. O Programa de Garantía Xuvenil, que leva dous anos en vigor, apenas tivo impacto ata o de agora, e a falta de información ao respecto impide incluso coñecer as medidas efectivas adoptadas.
- A precariedade laboral non só non se reduce, senón que aumenta, consolidando un modelo de crecemento insostible, baseado en emprego de baixa calidade, inestable e pouco produtivo. De cada 100 contratos que se asinan, 91 son temporais e 9 indefinidos; e só 5, indefinidos a tempo completo. A taxa de temporalidade no emprego aumenta, e xa é do 26,5%, a máis alta desde hai oito anos. Ademais, os contratos duran cada vez menos: unha cuarta parte dos temporais que se rexistran teñen unha duración inferior a sete días.



E o emprego a tempo parcial é eminentemente involuntario (o 60% quereda ter un contrato a xornada completa). Necesitamos outro marco laboral que promova o emprego estable e de calidade, o que pasa por derrogar as últimas reformas laborais.

- A taxa de cobertura das prestacións por desemprego caeu 16 puntos porcentuais nos últimos sete anos. Só perciben unha prestación o 53% das persoas paradas rexistrados nos servizos públicos de emprego. E, ademais, seis de cada dez prestacións son de carácter asistencial. Isto, xunto coa desvalorización salarial, é unha das razóns do aumento das situacións de risco de pobreza laboral, que atangue xa o 14,8% dos traballadores e as traballadoras.
- O importe medio da pensión en Galicia é de 771,34 euros. Por riba, o sistema de revalorización actual vai provocar que os pensionistas perdan poder adquisitivo decontino nos próximos anos. É preciso encontrar vías de financiamento alternativas ao sistema de pensións que garantan a súa estabilidade financeira, e establecer un sistema de revalorización para que os pensionistas non perdan poder de compra.
- Na sanidade reduciuse a cobertura universal, o que xera situacións de exclusión inaceptables nun país desenvolvido, e estase considerando estender os copagamentos, o que podería estender a desprotección.
- Ademais, temos un sistema tributario que non recada o suficiente (a presión fiscal é 6,8 puntos inferior á media da zona euro) e que redistribúe pouco (quen máis rendas ten achega menos do que debería). O nivel de fraude é moi elevado, o que aumenta a inxustiza dos seus resultados.
- Como consecuencia de todo o anterior, España é o país da OCDE onde máis aumentou a desigualdade desde o inicio da crise, só por detrás de Chipre, e tamén os niveis de pobreza e exclusión social, que afectan a 13,4 millóns de persoas (o 29,2% da poboación española).

Todos estes datos mostran que o crecemento económico por si só non está a dar resposta adecuada ás necesidades da maioría da poboación, que segue sufrindo o impacto da crise e das políticas de austeridade e desvalorización salarial aplicadas nos últimos anos. A situación esixe actuar con urxencia para rescatar as familias e construír un modelo de crecemento que reduza o desemprego a un dígito como mínimo; que atalle a pobreza nas súas múltiples manifestacións; que sirva para soste o modelo social recuperando a calidade perdida na sanidade, a educación, a atención á dependencia; que aposte pola industria e a innovación e a ciencia e por un marco democrático das relacións laborais; que recupere a calidade do emprego, a negociación colectiva e o tratamento do despedimento.

UGT e CCOO imos trasladar esa urxencia a todos os ámbitos de negociación abertos, para acelerar os ritmos e mellorar os seus contidos. E, se os procesos non avanza como é debido, proporemos as medidas de mobilización e presión que esixe a situación. As solucións non poden esperar. As concentracións do 22 de febreiro son unha parte do proceso que iniciamos no mes de decembro para recuperar dereitos e avanzar nas nosas demandas sindicais.

DÍA 22F, CONCENTRACIÓNS DIANTE DAS SEDES DE CEOE E CEPYME